

Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense

~ Acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 30 de outubro de 2015 ~

Os presentes, **Alba Rodríguez Álvarez, Iván Fernández Araújo, Beatriz Pardo Iglesias, Pablo Torres González, Ignacio Campo González, Iria Rosa Salcedo Martínez, Eduardo Borja Risco Díaz, Paula Trigás Vázquez e Alejandro Soriano Rodríguez.**

Debidamente convocados e reunidos na sede da Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense, a 30 de outubro de 2015 e ás 11.00 horas en segunda convocatoria, deu comezo a Asemblea Xeral Ordinaria coa seguinte

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación das propostas de gasto da partida económica restante do presente exercicio.

Segundo.- Aprobación da memoria de actividades do curso académico 2015-2016, xunto co presuposto do novo exercicio que se prevé inverter ao respecto.

Terceiro.- Rogos e preguntas.

DESENGROLO DA SESIÓN E ACORDOS ADOPTADOS

Primeiro.- Aprobación das propostas de gasto da partida económica restante do presente exercicio.

Do presuposto destinado a Delegación de Alumnos no exercicio económico 2015, restan un total de **590,18 €.**

Queda aprobado polos presentes o seu gasto nos seguintes conceptos:

- 200 pendrives de 2GB de capacidade co logo da Delegación de alumnos.
- 8 carteis en tamaño A3 para a promoción da festa do Magosto organizada polos alumnos de 4º de grao.
- Cartelería necesaria para a promoción da actividade “*carreira solidaria San Raimundo de Peñafort*”.
- 6 carteis (3 en tamaño A2 e 3 en tamaño A1) para a promoción da actividade “taller de xuízos simulados”.
- 100 dípticos para a promoción da actividade “taller de xuízos simulados”.

Queda, por tanto, agotado o presuposto. Ante outras necesidades da delegación, estimase oportuno aprobar a cargo do novo presuposto a ingresar en xaneiro de 2015:

- Gastos derivados da *Gala San Raimundo de Peñafort*, en concepto de “cartelería” e “photocall”. Neste último incluírase o material de oficina necesario como o soporte en si mesmo.
Os presentes deciden, de requirilo, solicitar axuda económica ao decanato por tratarse dunha actividade en beneficio da facultade *en xeral*, a efectos de mercar estatuillas para os galardoados.
- Gastos destinados a graduación dos alumnos de 4º de grao, entre eles:
 - a) 56 pines e 56 bandas.
 - b) Contribución ao pago do servizo de cátering que se ofrecerá aos invitados ao acto, una vez finalizado.
 - c) Material de oficina necesario en cuestións decorativas.
- Gastos destinados a organización do *Taller de xuízos simulados*.
- Gastos destinados a organización das xornadas “*O Dereito ao pé da rúa*”.

Segundo.- Aprobación da memoria de actividades do curso académico 2014-2015.

- Maqosto 2015.

Apróbase a colaboración da Delegación na actividade organizada polos alumnos de 4º do Grao en Dereito a efectos de obter financiación para a súa viaxe de fin de carreira.

Dita entidade será a encargada de solicitar os permisos que sexan requiridos para a súa realización, tanto polo Vicerreitorado do Campus coma polo Concello de Ourense.

- Carreira Solidaria “San Raimundo de Peñafort”.

No mes de decembro, aproveitado á proximidade ás datas do Nadal, a Delegación de Alumnos, coa colaboración do Servizo de Deportes e o Servizo de Voluntariado do Campus de Ourense, e baixo a autorización do novo equipo decanal e do actual vicerreitor, organizará unha carreira solidaria aberta a toda a cidade para obter fondos que serán destinados a unha causa relacionada co Dereito ou con persoas e colectivos en situación de dificultade.

Establécense como comité organizador os membros da actual Xunta de Goberno.

- Gala San Raimundo de Peñafort.

Con motivo da celebración do noso patrón, e o éxito da pasada edición, os membros presentes aproban de novo a organización dunha gala de entrega de premios a profesores e alumnos da facultade, datada para o 19 de febreiro de 2016.

Créase, para maior efectividade, unha comisión adicada en exclusiva a dito fin, conformada polos alumnos de 4º de grao, que aproveitarán a mencionada actividade para obter financiación para a súa viaxe de fin de carreira.

Especifícase, que co motivo dos beneficios que se obterán ao respecto, estes alumnos deciden asumir o gasto completo que supoña a realización do vídeo que guiará o acto.

- Colaboración coa proposta de membros de Xunta de Facultade na organización dun taller de xuízos simulados.

Adxúntase á acta o documento mediante o cal se procede a descrición da actividade. A súa organización será levada a cabo por alumnos de 2º de grao e simultaneidade, 3º de grao e máster da avogacía, liderada polos correspondentes representantes na Delegación de Alumnos.

- Viaxe a Bruxelas para visitar as institucións europeas.

A Delegación de Alumnos colaborará na organización dunha viaxe a Bruxelas para un grupo limitado de alumnos da facultade, en canto ao estudo das prioridades na inscrición e a súa promoción.

De non saír a diante o proxecto, déixase constancia do interese de repetir de novo a viaxe a Madrid para visitar o Tribunal Supremo e o Congreso dos Deputados, financiada pola Facultade de Dereito, ao que asistiron un total de 20 alumnos do último curso de grao, prevíndose os mesmos acordos adoptados a efectos da súa organización e inscrición. *Adxúntase a este acta o documento ao respecto.

- Xornadas “O Dereito ao pé da rúa”.

Apróbase a organización, por parte da Xunta de Goberno da Delegación de Alumnos, dunhas xornadas a fin do curso académico, na que se traerán a debate cuestións de actualidade relacionadas co Dereito, invitando a poñentes formados ao respecto. Entre os posibles temas, os seguintes:

- 1º. Exemplos reais de mediación, coma en casos de terrorismo ou delitos levados a cabo por bandas organizados.
- 2º. A total legalización da marihuana en España, fronte ás drogas socialmente aceptadas coma o alcohol e o tabaco.
- 3º. A legalización da prostitución. Garantías laborais para aquelas persoas que a exerzan de forma libre e voluntaria.
- 4º. Caso Asunta/ Caso Bretón/ Caso parricida de Moaña: condutas psicolóxicas que levan ao asasinato dun ser querido.
- 5º. Pederastia: atópanse os menores protexidos? A privacidade do menor nas redes sociais.
- 6º. A independencia xudicial a debate: Fiscalía e CGPJ. Caso Cataluña.
- 7º. Prisión permanente revisable a debate. A Doutrina Parrot.
- 8º. Dº Laboral: O contrato único a debate.
- 9º. Dereito Internacional Público: Cal é a resposta óptima para os refuxiados?
- 10º. Dereito Comunitario: O futuro da UE. A auxe dos partidos aniteuropeistas e da extrema dereita e as posibilidades dunha maior integración.


Terceiro.- Rogos e preguntas.

No se alegou nada ao respecto.

E sen máis puntos que tratar, péchase a sesión as 13.30 horas.

En Ourense, a 30 de outubro de 2015

V. e pr. A presidenta da DAFDO



Alejandro Soriano Rodríguez

Asdo. A Secretaria da DAFDO



Alba Rodríguez Álvarez